Cómpre indicar que a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade é o órgano competente en materia de avaliación de impacto ambiental daqueles proxectos que sexan adoptados, aprobados ou autorizados por un organismo da Administración Pública Autonómica ou local de Galicia, ou que sexan obxecto de declaración responsable ou comunicación previa ante as mesmas, non sendo este o caso. Polo tanto, non actúa como órgano sectorial no procedemento de avaliación ambiental instruído pola Administración Xeral do Estado.

No que se refire ás cuestións referidas ás posibles afeccións ambientais (biodiversidade, fauna, flora, auga, medio mariño, patrimonio cultural, paisaxe, saúde humana, entre outros), ás medidas protectoras, correctoras etc. neste proxecto, teranse en conta os informes das administracións públicas afectadas competentes especificamente nesas materias, non sendo unha delas a dita Dirección Xeral.

En calquera caso, segundo o artigo 6.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, a excepción das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de enerxía. E esta previsión é de aplicación tanto aos parques eólicos de tramitación autonómica como estatal, polo que tamén lle aplica ao parque eólico Tesouro.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Neste sentido, este parque está fóra das áreas de desenvolvemento eólico. Por iso, este parque precisou da devandita declaración de excepcionalidade. Trala correspondente solicitude de excepcionalidade, baseada fundamentalmente nun contrato de compra-venda de enerxía a prezo competitivo a longo prazo con Alcoa e Sentury, esta excepcionalidade foi declarada polo Consello da Xunta o 17.11.2022".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/02/2025 12:16:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2025 12:16:25
Nº Rexistro: 19626
Data envío: 07/02/2025 12:16:25.667

CSV: B0R0G0P0R3tJW43H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: B0R0G5DQ5U1M000H-2
Verificación: CVE-PREPAR: 01b3ef65-edf7-ad13-b9d8-13b0c96e8091
<https://sede.parlamentodegarcia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2025 12:16:20
Nº Rexistro: 19625
Data envío: 07/02/2025 12:16:20.401

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/02/2025 12:16:19

CSV: B0R0G5D0G1W30H3H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 15445**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Iago Suárez Fernández, sobre **"os resultados e os problemas de execución do programa de avais para a adquisición de vivendas por parte dos menores de 36 anos correspondente a 2023"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"Cómpre ter en conta en primeiro lugar o funcionamento dun aval. Segundo a Real Academia Galega, aval é o "Compromiso ou garantía de pagar, por medio de sinatura ou documento, en caso de non poder facelo o que está obrigado"

A convocatoria indica, na cláusula segunda, que "O importe máximo dos avais que poderán contar coa garantía do IGVS con cargo á anualidade 2023 será de cinco millóns de euros (5.000.000,00 €)."

Iso significa que a Xunta podía avalar un importe máximo de 5 millóns de euros, non que a Xunta fose desembolsar esa contía. Polo tanto, non quedaron tres millóns de euros sen investir xa que dita contía non está recollida nos orzamentos do IGVS.

Polo que respecta ao programa, insírese nun conxunto de medidas destinadas a facilitar o acceso á vivenda e responde ás necesidades dos adquirentes de vivendas, ata o punto de que o Goberno de España aprobou recentemente un programa de avais case igual".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 17:55:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 17:55:40
Nº Rexistro: 19747
Data envío: 10/02/2025 17:55:40.632

CSV: B0R0G5H0G6U1gWtG+62
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 17:55:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 17:55:34
Nº Rexistro: 19746
Data envío: 10/02/2025 17:55:34.821

CSV: B0RBO3p0U5U5\$83H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 15672**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e don Oscar Insua Lema, sobre **"determinadas cuestións en relación coa crise demográfica que atravesa a comarca Deza-Tabeirós e Terra de Montes"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia constata unha mellora notable no comportamento demográfico da Comunidade Autónoma, que se está a traducir nunha recuperación do número de habitantes que oficialmente residen en Galicia.

Así, no ano 2024 a poboación de Galicia medrou por segundo ano consecutivo e volveu superar a barreira dos 2,7 millóns de habitantes, mantendo a tendencia á alza do ano anterior. Ademais, a cifra oficial de poboación que rexistra a Comunidade Autónoma de Galicia é a máis elevada desde o ano 2017.

O comportamento positivo da evolución da poboación total de Galicia é consecuencia principalmente do excepcional saldo migratorio que rexistran as catro provincias galegas nos últimos anos, que fai que o número de entradas na comunidade autónoma sexa superior ao de saídas tanto en relación con outras comunidades autónomas de España como tamén co estranxeiro.

No caso concreto das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, os datos correspondentes a 2024 que se veñen de facer públicos non mostran un "acelerado ritmo de despoboación" como se indica na pregunta. En ambos casos, a poboación mantívose totalmente estable sobre o ano anterior, con variacións do -0,2% e do -0,004%, respectivamente.

Tamén convén puntualizar que en Galicia, a diferenza do que sucede noutras zonas de España, non existe na actualidade ningún concello cuxa pervivencia estea en perigo por falta de poboación. Proba disto é que en España hai máis de 1.400 municipios cunha poboación inferior a 100 habitantes, mais ningún deles está en Galicia.

En todo caso, a Xunta de Galicia vai continuar aplicando a folia de ruta establecida na Lei de Impulso Demográfico aprobada polo Parlamento de Galicia no ano 2021, e que se está a mostrar un instrumento eficaz á hora de dinamizar a demografía galega e favorecer o asentamento da poboación nas zonas menos poboadas e a captación de poboación".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 17:55:28
Nº Rexistro: 19745
Data envío: 10/02/2025 17:55:28,947

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B0R003P0-SBIE-Wb3H-2
Verificación: CVE-PPREPAR: c5a0cf24-47d6-5b20-d400-86cf573ef6d4
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 17:55:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 17:55:28
Nº Rexistro: 19745
Data envío: 10/02/2025 17:55:28.947

CSV: B0R0G3PQ/SBIEWb3H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CSV: [REG-ESP-S1000rh31-2](#)
Verificación: CVE-PREPAR: 23c89740-7618-6b60-47e5-46bf14e905e6
<https://sede.parlamentodegarcia.gub.uy/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 12:47:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 12:47:47
Nº Rexistro: 19684
Data envío: 10/02/2025 12:47:47,037

CSV: B0R0G\$08;5U0nh3H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 6978**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila, dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"a ampliación do catálogo de servizos educativos complementarios nos centros de ensino públicos co fin de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á interpelación con **número 1945** e debatida **no Pleno do Parlamento de Galicia do 12 de xuño de 2024**; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2QxOTJjZjMtYTQwOC00ZWVmLTgyNmEtNGI5Y2EzMDFmZTQ5&start=6440>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 12:47:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 12:47:34
Nº Rexistro: 19682
Data envío: 10/02/2025 12:47:34.318

CSV: B0R0B0S0QZS0SY6tH2H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7027**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila, don Luis Bará Torres e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa mellora da seguridade viaria e peonil na estrada N-120 ao seu paso polos concellos de Ponteareas, Mondariz, O Covelo e A Caniza"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"A N-120 obxecto desta pregunta é unha infraestrutura do Estado, que atravesa tres das catro provincias galegas, coincidindo en moitos dos seus tramos co Camiño de Santiago. A súa importancia como eixe vertebrador é innegable, como tamén as súas deficiencias en canto ao seu estado en moitos puntos, tal e como se puxo de manifesto no Parlamento de Galicia en diferentes iniciativas, as últimas delas relativas á súa situación na provincia de Ourense.

Esta iniciativa céntrase na situación da N-120 na provincia de Pontevedra e máis especificamente na comarca do Condado-Paradanta, nos concellos de Ponteareas, A Cañiza, Covelo e Mondariz. Respecto da seguridade viaria efectivamente tal e como recolle a iniciativa existe un proxecto do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible que foi sometido a información pública, por segunda vez, despois de que o primeiro non fora ben acollido pola veciñanza. Os atrasos continúan e, aínda peor, o proxecto non termina de dar unha solución eficiente á veciñanza".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 17:49:13
Nº Rexistro: 19731
Data envío: 10/02/2025 17:49:13.753

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 17:49:13

CSV: B0R0G\$9Q-88J1LBH3H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7033**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e don Daniel Castro García, sobre **"as consideracións a ter en conta respecto da proba de acceso á universidade (PAU) que será implementada no ano 2025"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con **número 7762** e debatida **no Pleno do Parlamento de Galicia do 23 de outubro de 2024**; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGJmYjZmZTctNzllMC00YTcwLTk0YmQtYzljMjUxMWU1ZTlk&start=12599>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 12:47:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 12:47:18
Nº Rexistro: 19680
Data envío: 10/02/2025 12:47:18.646

CSV: B0RBOgPSA9IdOlu#3H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7045**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e don Luis Bará Torres, sobre **"a elaboración dun estudo que teña por obxecto establecer a opción óptima para a mellora da seguridade viaria e peonil da estrada autonómica PO-400, ao seu paso polo concello de Crecente, e no cal participe a cidadanía"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"A estrada PO-400 constitúe un importante eixo de comunicación e xunto coa PO-510 vertebrada os concellos situados na marxe norte do río Miño na provincia de Pontevedra.

É por iso que a Xunta de Galicia ten realizado importantes investimentos nesta estrada para a súa axeitada conservación, e para mellora da funcionalidade e a seguridade viaria como a recente execución da obra de renovación da capa de rodaxe da PO-400, executada entre 2023 e 2024, cun orzamento 3.259.244,29 € para a PO-400 e case 600.000 € tan só no concello de Crecente.

Executáronse actuacións de mellora da seguridade viaria coa mellora de varias interseccións

Acondicionouse o firme e habilitáronse espazos peonís en varios treitos antigos da estrada, tamén importantes para as persoas que viven nas súas marxes.

Ademais, a Xunta está traballando en varios proxectos, fundamentalmente para continuar mellorando a seguridade viaria na estrada, como entre outros a reforma do cruce de Setados ou o acondicionamento do treito antigo da estrada en Rodo no propio concello de Crecente, e por suposto seguir apostando pola conservación e explotación axeitada da estrada".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 17:49:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 17:49:07
Nº Rexistro: 19730
Data envío: 10/02/2025 17:49:07,397

CSV: B0R0G5mg6RU181H3H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 7118**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"as condicións de seguridade viaria da estrada PO-531 derivadas das obras de reparación que se están a levar a cabo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"A estrada PO-531 é un dos principais eixos de comunicación do norte da cidade de Pontevedra. A Xunta de Galicia está investindo nela con continuidade para mellorar progresivamente a súa funcionalidade, seguridade e para mantela nun estado de conservación axeitado. E así seguirá sendo, xa que non se prevé que o Estado vaia habilitar alternativas que puideran acoller o seu tráfico como a A-57 cun trazado que poida ser aceptado dende un punto de vista social, ou a liberación da peaxe da AP-9. En canto ao que se sinala na parte expositiva:

Nesta estrada e en concreto no concello de Pontevedra tense realizado unha importante labor de conservación ordinaria e extraordinaria, acorde coa intensidade de tráfico que soporta. Dende o inicio do Plan de Reforzos de Firme, e só na estrada PO-531 e no concello de Pontevedra, máis de 1 M€ de investimento en firmes, ao que hai que engadir as actuacións na cuberta da Ponte da Barca, á que se destinou outro millón de €.

Ademais, leváronse a cabo importantes actuacións de mellora da seguridade viaria, como a rotonda da Devesa e a de acceso ao polígono de Sequeiros, en Barro pero próximo ao límite municipal de Pontevedra.

En canto ás actuacións en si de reforzo de firme, combinan reparacións localizadas, e capa de rodaxe con microaglomerado. Esta técnica destaca polo seu bo comportamento fronte ao deslizamento, estando acreditada a súa efectividade na prevención da sinistralidade, como o propio Estado realiza en vías tan importantes como a AP-9.

Sinalar que a AXI seguirá a realizar labores de conservación ordinaria e extraordinaria da rede autonómica de estradas, sempre con criterios técnicos e coa seguridade dos usuarios como obxectivo".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 17:48:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 17:48:54
Nº Rexistro: 19728
Data envío: 10/02/2025 17:48:54.637

CSV: B0R0GSP0Z8H0kq03H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 17:50:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 17:50:39
Nº Rexistro: 19733
Data envío: 10/02/2025 17:50:39.309

CSV: B0R0G09KZ50U1Ng3H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 17:52:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 17:52:51
Nº Rexistro: 19740
Data envío: 10/02/2025 17:52:51.972

CSV: B0RBO9BGS6M5E3H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8050**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Iria Taibo Corsanego, sobre **"a restauración e recuperación do núcleo histórico de Betanzos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"No conxunto histórico de Betanzos o IGVS está desenvolvendo un programa de adquisición e rehabilitación de inmobles de carácter residencial que debe servir de exemplo para o fomento da rehabilitación por parte do concello e os particulares, propietarios de inmobles na zona.

O IGVS adquiriu 17 inmobles no conxunto histórico, co obxectivo de que da rehabilitación resulten 22 vivendas e 3 locais.

Dese total, 10 inmobles están xa rehabilitados e outros cinco en obras, estando so pendentes dous inmobles.

Ademais, o conxunto histórico de Betanzos conta cunha área de rehabilitación declarada en 2022, na que están en execución dous convenios dotados con máis de medio millón de euros, que se suman aos 700.000 do programa de Barrios asignado en 2022. Os fondos da ARI e do programa de Barrios son executados polo concello.

Finalmente, o concello de Betanzos solicitou unha área Rexurbe, que foi declarada o 6 de marzo de 2023, pero de momento non presentou o plan de dinamización, no que se indican os obxectivos e actuacións a realizar".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 17:52:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 17:52:39
Nº Rexistro: 19738
Data envío: 10/02/2025 17:52:39.240

CSV: B0RBO30G54N1a063H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8051**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, dona Alexandra Fernández Gómez e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"as estratexias que prevé desenvolver o Goberno galego enfocadas á protección efectiva das zonas húmidas de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Unha boa representación das zonas húmidas galegas, arredor do 65%, está incluída na Rede Natura 2000 de Galicia como hábitat de interese comunitario (algúns con carácter prioritario). Así mesmo, existen zonas húmidas incluídas no Inventario de Zonas Húmidas de Galicia (IZHG) e as categorías de espazo natural protexido de zona húmida protexida.

A realización de Plans de xestión para os diferentes espazos da rede Natura 2000, así como a revisión dos plans hidrolóxicos de conca derivados da Directiva Marco da Auga, supoñen unha gran oportunidade para a xestión e mellora do estado de conservación das zonas húmidas e das especies ligadas á auga.

Actualmente estase a traballar na consecución de información actualizada sobre os diferentes tipos de hábitats de interese comunitario (THIC) ligados á auga, o que permitirá definir os obxectivos e as medidas de conservación para o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento nun estado de conservación favorable destes tipos de hábitats con características de zona húmida, así como deseñar un sistema de seguimento do seu estado de conservación.

Esta información formará parte dos Plans de xestión das diferentes Zonas Especiais de Conservación (ZEC), nos que se establecerán medidas de conservación para cada un dos distintos hábitats e especies. Cinco destes espazos incluídos na Rede Natura 2000 contan coa categoría de zonas húmidas protexidas.

En canto á actualización destes hábitats, recentemente incluíronse 250 zonas húmidas e se actualizar outras dez no Inventario de Zonas Húmidas de Galicia. Con esta información ampliáronse as zonas húmidas inventariadas, que xa incluían 400 zonas húmidas neste inventario, ata un total de 650.

Sobre as infraestruturas de enerxía e plantacións forestais das zonas húmidas de montaña que se atopan dentro de algunha das categorías de espazos naturais protexidos avalíanse en relación co especificado nos seus instrumentos de planificación. As situadas fóra destes espazos son susceptibles de tramitación

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





ambiental a través da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o procedemento máis axeitado para minimizar os efectos ambientais dos novos proxectos susceptibles de xerar impactos, dado que establece mecanismos eficaces para evitar, reducir ou compensar os seus posibles efectos no medio ambiente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2025 16:24:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19876
Data envío: 11/02/2025 16:24:54.613

CSV: B0R0G0\$H2E531qE0k3H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8077**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández, dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Luis Bará Torres, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto das actuacións necesarias para garantir o abastecemento de auga potable en Noia en caso de avarías"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático acordou colaborar co Concello de Noia para mellorar o seu sistema de abastecemento coa contratación dun servizo de apoio técnico no proceso de redacción do proxecto construtivo da obra de mellora. Augas de Galicia estudou os problemas da rede de abastecemento en alta do termo municipal e preparou un estudo con distintas alternativas de actuación. No marco desta colaboración, estableceuse mellorar o tratamento de auga potable, como actuación prioritaria para o que se redactou o proxecto que se ten licitado e contratado.

As melloras incluídas no proxecto contribuirán a optimizar o comportamento da planta, ao tempo que habrá unha maior garantía do subministro.

Augas de Galicia, polo tanto, está a colaborar co Concello de Noia no exercicio das súas competencias no desenvolvemento dunha actuación concreta para mellorar o seu sistema de abastecemento, sen prexuízo de que se poida seguir prestando axuda noutras actuacións para seguir a mellorar o seu sistema de abastecemento.

É preciso lembrar que as competencias en materia de abastecemento son estritamente municipais e así está reflectido nos textos lexislativos reguladores do réxime local e da normativa sectorial en materia de augas como son a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; e a Lei 9/2010, do 4 de novembro de Augas de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19875
Data envío: 11/02/2025 16:24:48,285

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2025 16:24:47

CSV: B0R0G0S70161LH83H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8081**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres, dona Alexandra Fernández Gómez e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"a política de restauración e protección que prevé desenvolver o Goberno galego respecto das turbeiras acedas, calcarias e dos hábitats paraturbosos de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 29 de xaneiro de 2025 pola conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, en resposta á interpelación 2130.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 29 de xaneiro de 2025:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=NzIzMDliNTMtOTM0MCM0ONzQ1LWI5OWltMjE0YWQ2ZmYxM2Nl&start=10326](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzIzMDliNTMtOTM0MCM0ONzQ1LWI5OWltMjE0YWQ2ZmYxM2Nl&start=10326)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2025 16:24:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 19874
Data envío: 11/02/2025 16:24:40.801

CSV: BGRBQ-S4WQ8k1JLh63H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8088**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"a asunción por parte do Goberno galego das recomendacións referentes á conta xeral da Comunidade Autónoma recollidas no informe do Consello de Contas publicado o 6 de maio de 2024"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"O Consello de Contas no informe a que fai referencia o Grupo parlamentario Socialista refírese ao exercicio 2022, no que figuraban dotacións do FSE, FEDER e REACT-UE, correspondentes a programas do período 14-20 que se executaron completamente ao final do período de elixibilidade do gasto (31/12/2023). De isto dou conta o Director Xeral de Cohesión e Fondos o pasado outubro na Comisión 3ª do Parlamento de Galicia.

Os Fondos Europeos planifícanse e execútanse cunha perspectiva temporal e ten carácter plurianual polo que non se debe falar de execución facendo unha análise dun exercicio orzamentario concreto.

A Xunta executou o 100% dos Fondos de cohesión 14-20 e os do período 21-27 pódense executar ata decembro de 2029.

O pasado mes de outubro nunha reunión mantida en Bruxelas ,o Director da Comisión Europea para a execución dos fondos estruturais en España, Nicola de Michelis, felicitou ao Conselleiro de Facenda, Miguel Corgos, pola boa execución do goberno galego dos fondos de cohesión 14-20.

Por outra banda a Xunta de Galicia está dando conta periodicamente da execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Estes informes poden consultarse na páxina web: <https://www.nextgenerationgalicia.gal>

A execución dos Fondos europeos por parte de Galicia é mostra de que a Xunta está levando a cabo unha xestión dilixente destes recursos asignados polo Goberno Central a pesar da falta de gobernanza coas CC.AA. no deseño do Plan e das inversións.

Por outra banda , o Consello de Contas, a través dos seus informes, contribúe a mellora continua na xestión da Xunta de Galicia. Exemplos de recomendacións xa introducidas na súa xestión pola Xunta de Galicia: inclusión nos orzamentos da práctica totalidade das entidades dependentes no ámbito subxectivo do orzamento, incorporación na memoria da Conta Xeral o saldo das contas de habilitación á

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





información de tesourería, mellora na identificación e seguimento dos remanentes de tesourería afectados ao financiamento de gastos de exercicios futuros, inclusión da información sobre acredores por operacións devindicadas pendentes de aplicación, elaboración do informe comprensivo das actuacións desenvolvidas no marco de plan de control financeiro e auditoría pública.

De maneira reiterada, este organismo ratifica nos seus informes a mellora na xestión orzamentaria, cumprindo os obxectivos de estabilidade, redución do gasto financeiro e a xestión do endebedamento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 17:52:31
Nº Rexistro: 19737
Data envío: 10/02/2025 17:52:31.741

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 17:52:31

CSV: B0R0G9P0K\$B1J9-613H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8109**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **“a asunción do compromiso por parte do Goberno galego respecto do comezo da rehabilitación dos inmobles en mans do IGVS en Tui no ano 2025, ao abeiro do plan Rexurbe”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

A lei establece que a competencia de xestión do plan de dinamización da área Rexurbe corresponde ao "Centro Rexurbe", que deberá existir nos concellos con área Rexurbe, e que estarán adscritos á administración local.

Polo que respecta ao programa Rexurbe, que executa directamente o IGVS, en Tui adquiríronse catro inmobles.

As obras de rehabilitación dun dos inmobles xa foron licitadas o pasado mes de agosto e os proxectos de rehabilitación dos outros tres inmobles tamén foron licitados e, unha vez redactados, licitaranse as obras de rehabilitación dos mesmos.

Como no resto dos concellos nos que se executa o programa Rexurbe, as vivendas resultantes serán calificadas como promoción pública e adxudicaranse en réxime de alugueiro social a través do Rexistro de demandantes de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 17:53:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 17:53:25
Nº Rexistro: 19742
Data envío: 10/02/2025 17:53:25.779

CSV: B0R0B0\$M0S10U1R16H3H-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 8168**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre **"a política de restauración e protección que prevé desenvolver o Goberno galego respecto dos hábitats de matogueiras e queirogais de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 29 de xaneiro de 2025 pola conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, en resposta á interpelación 2130.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 29 de xaneiro de 2025:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=NzIzMDliNTMtOTM0M0M0NzQ1LWI5OWItMjE0YWQ2ZmYxM2Nl&start=10326](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzIzMDliNTMtOTM0M0M0NzQ1LWI5OWItMjE0YWQ2ZmYxM2Nl&start=10326)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2025 16:30:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2025 16:30:16
Nº Rexistro: 19879
Data envío: 11/02/2025 16:30:16.522

CSV: B0RBO5Y3-S4UZI6p38I-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 10047**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **“as medidas que prevé tomar o Goberno galego en relación co espazo protexido pola Rede Natura 2000 en Galicia”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrada o pasado 29 de xaneiro de 2025 pola conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto, en resposta á interpelación 2130.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 29 de xaneiro de 2025:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=NzIzMDliNTMtOTM0MC00NzQ1LWI5OWltMjE0YWQ2ZmYxM2Nl&start=10326"](#).

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2025 17:53:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2025 17:53:53
Nº Rexistro: 19743
Data envío: 10/02/2025 17:53:53,087

CSV: B0R0G5YQASUWFR830-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 10411**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"os baremos e criterios empregados polo IGVS na selección de proxectos e na repartición de fondos ao abeiro do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"Os fondos repartíronse entre os 28 concellos que os solicitaron. O importe asignado foi de 32.943.994,39 euros. Unha vez asignados os fondos, o concello de Cariño renunciou aos 300.000 euros que lle foran asinados.

O IGVS repartiu fondos do programa de Barrios a todos os concellos que o solicitaron. Foron os concellos os que seleccionaron as zonas ERRP que se beneficiarían de ditos fondos. No caso de concellos con máis dun ERRP, foi o propio concello o que decidiu o reparto de fondos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



